

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 3818** *Corrección de erros do Real decreto lei 6/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público nos ámbitos de persoal docente non universitario e universitario, Forzas Armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado e corpos de policía dependentes das comunidades autónomas para 2017.*

Advertidos erros no Real decreto lei 6/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público nos ámbitos de persoal docente non universitario e universitario, Forzas Armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado e corpos de policía dependentes das comunidades autónomas para 2017, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 78, do 1 de abril de 2017, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 11, na nota (m), primeira e segunda liñas, onde di: «Das 18 prazas ofertadas a militares de carreira e das 29 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 6 e 15, respectivamente, nas condicións...», debe dicir: «Das 21 prazas ofertadas a militares de carreira e das 26 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 6 e 12, respectivamente, nas condicións...».

Na mesma páxina, na nota (n), primeira e segunda liñas, onde di: «Das 4 prazas ofertadas a militares de carreira e das 10 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 2 e 6, respectivamente, nas condicións...», debe dicir: «Das 7 prazas ofertadas a militares de carreira e das 7 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 2 e 3, respectivamente, nas condicións...».

Na mesma páxina, na nota (o), primeira e segunda liñas, onde di: «Das 4 prazas ofertadas a militares de carreira e das 11 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 2 e 8, respectivamente, nas condicións...», debe dicir: «Das 7 prazas ofertadas a militares de carreira e das 8 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 2 e 5, respectivamente, nas condicións...».